

LECTURA DE PRIMO DE RIBERA (1923-1931)

ALFONSO XIII

DIRECTORIO MILITAR (1923-25)

Goberno formado so por militares, que gobernou mediante decretos e atendeu aos seguintes temas:

- **Rexeneración da vida política:** acabar co caciquismo para o que adoptaron as seguintes medidas:
 - Suspensión da Constitución de 1876, poñendo fin á monarquía constitucional
 - Destitución das autoridades que foron substituídas por outras afíns ao novo réxime
 - Os partidos non foron suprimidos, pero perderon a capacidade de influír nos asuntos públicos
 - Creación dos delegados gubernativos, encargados de informar sobre deficiencias dos concellos e propor remedios
 - Reforma da normativa electoral: maioría de idade aos 23 e voto restrinxido ás mulleres (non houbo eleccións)
 - Elaboración de estatutos municipal e provincial (Calvo Sotelo): aumentaban as competencias administrativas e a democratización destas institucións. Na realidade control por parte do goberno, designando aos concelleiros e deputados provinciais
 - Formación da **Unión Patriótica*** cunha finalidade confusa. Oscilou entre ser un movemento de apoio á ditadura e de propaganda e ser o partido único do novo réxime.
- **Restablecemento da orde pública**
 - Control do movemento obreiro para o que se decretou o **estado de guerra**: restricións da liberdades públicas. Persecución das organizacións vinculadas á CNT e ao PCE, que perderon afiliados, pero radicalizaron as súas posturas. Para exercer o control o **Somaten*** actuou por toda España
- **Defensa da unidade da patria**
 - Campañas de afirmación dos símbolos nacionais de España
 - Represión das reivindicacións e manifestacións nacionalistas: prohibición do uso de bandeiras, clausura de institucións e diarios, persecución de dirixentes, prohibición das linguas propias nas escolas. Reaccións: radicalización e refuxio no cultural
- **Fin da guerra de Marrocos**
 - Coordinación dos exércitos de Francia e España. Desembarco da baía de Alhucemas: éxito e conquista do Rif. Abdál Krim asina a rendición. A guerra remata en 1927, contribuindo ao prestixio do exército e á popularidade do ditador

DIRECTORIO CIVIL (1925-30)

Afianzamento do poder do ditador e constitución dun Directorio na súa maioría civís vinculados á Unión Patriótica. Contou co apoio do rei.

- Intento de restauración dun réxime corporativo, influenciado polo fascismo italiano. As pezas básicas foron:
 - **Organización Corporativa do Traballo:** regular as relacións entre obreiros e patróns a través dos **comités paritarios***. Elaboración de **lexislación laboral e social** (Código de Traballo). Medidas de réxime populista (casas baratas, fondos para a formación profesional dos obreiros, regulación traballo nocturno feminino...)
 - **A Asemblea Nacional** (1927): Carácter consultivo. Elabora e presentar proxectos de leis ao Goberno. Formada por representantes das corporacións do Estado, dos sectores económicos e da Unión Patriótica. En 1929 presentou un **proxecto para unha nova Constitución**
- Potenciar o desenvolvemento económico, baseándose no intervencionismo estatal no marco do capitalismo, sistema cualificado como **corporativismo autoritario**. As principais medidas foron:
 - Proteccionismo arancelario
 - Regulamentación da produción e da competencia creando organismos supervisores (Consello de Economía Nacional e Comité Regulador de Producción Industrial).
 - Control do mercado interior e dos prezos
 - Fomento da produción nacional
 - Formación de monopolios* para garantir o subministro de determinados servizos (CAPSA)
 - Potenciación das vías de comunicación e obras públicas: ferrocarril, estradas, pantanos e regadíos
 - Intento de reforma fiscal pra incrementar os recursos e poder levar a cabo a política económica. Proxecto de Calvo Sotelo (1926): imposto progresivo sobra as rendas e ganancias para toda a poboación (Foi abandonado pola presión dos poderosos)

DIMISIÓN DE PRIMO DE RIVERA (29/I/1930): polas dificultades e a falta de apoio do exército. Foi aceptada.

FIN DA MONARQUÍA (1930-31)

- Goberno de Dámaso Berenguer: pretendeu restablecer a Constitución de 1876. Crece o republicanismo. Galicia: Pacto de Lestrove* (1930)
- **Pacto de San Sebastián*** (agosto de 1930): Acordo verbal entre republicanos, antigos monárquicos, nacionalistas, socialistas polo que se comprometían a derrocar a monarquía e a establecer a república parlamentaria, garantir a liberdade política e relixiosa, convocar eleccións a Cortes Constituíntes, a posibilidade de recoñecer a autonomía política das rexións, formar un Comité revolucionario que actuaría como goberno provisional no inicio da república
- **Intentos frustrados de restituír a república pola forza**
- **Goberno de Juan Bautista Aznar.** Convocatoria de eleccións municipais (12 de abril). Trunfo das candidaturas republicanas
- **14 DE ABRIL PROCLAMACIÓN DA REPÚBLICA**

Prosperidade económica

OPOSICIÓN E CAÍDA DE PRIMO DE RIVERA